

Hórreo de Os Bouces

Parroquia

Salto

Lugar

Os Bouces

Folla IGN

22

O hórreo de Os Bouces está colocado sobre un celeiro aberto fabricado con pizarra; conta cun tornarratos corrido de cantería que aguanta un corpo con columnas de cantería de granito e balagustos de madeira. O corpo é de dúas caras e remata nun tellado de pizarra a catro augas, con ímbrices de tella. Como remates ten uns pequenos cornos lixeiramente curvados.

Hórreo de Carballo

Parroquia

Cabanas

Lugar

Carballo

Folla IGN

22

El Hórreo de lugar de Carballo está apoyado sobre un celeiro derrado de sillarejo que termina en un tornarratos corrido de cantería. Sobre éste un cuerpo con columnas de cantería y balagustos de madera. Las columnas de los extremos terminan en capiteles planos en los lados largos y ondulados en los lados cortos. El cuerpo es de tres claros y sostiene un tejado a dos aguas de pizarra y dos remates, un bico y una cruz, los dos de piedra.

Hórreo de Fraián

Parroquia

Porto

Lugar

Pazo de Fraián

Posición

43° 25' 41.01" N

8° 10' 32.20" W

Folla IGN

22

No pazo de Fraián -situado na eira- está o hórreo de cinco cepas de pedra encaladas cos seus correspondentes tornarratos de pizarra; enriba un corpo de madeira con catro claros. A porta sitúase nun dos lados longos. O tellado é a dúas augas de tella plana con ímbrices de tella curva. Os vértices rematan con dous bicos estreitos e levemente saedizos.

Hórreo de Pereiro de Arriba

Parroquia

Laraxe

Lugar

Pereiro de Arriba

Folla IGN

22

O hórreo do lugar de Pereiro de Arriba está sobre un celeiro de pedras de cantería de pizarra, está aberto e caleado. Ten un tornarratos de granito e corpo de granito e madeira, dividido en tres claros. As columnas terminan en capiteis planos que soportan un tellado de pizarra de catro augas. Nos lados curtos hai unha porta de dobre folla horizontal.



Hórreo de Salto

Parroquia

Irís

Lugar

Salto

Folla IGN

22

O hórreo do lugar de Salto de Arriba é un hórreo con celeiro cerrado de pedra, encima hai un tornarratos de cantería e o corpo de balagustros de madeira e columnas de granito, con basa e capitel. O beiril é de madeira e ten tres molduras; encima o tellado a catro augas feito con tella curva.

Hórreo de Os Xicos

Parroquia

Regüela

Lugar

Os Xicos

Folla IGN

22

No lugar de Os Xicos ubícase un hórreo feito de cemento e madeira con cuberta de catro augas de particulares características, catro cepas aguantan os dous extremos do corpo e catro pés fano no centro.

Horreo de Xavariz

Datación

1872

Parroquia

Soaserra

Lugar

Xavariz

Folla IGN

22

Ubicado no lugar de Xavariz, ten na fachada sur a inscrición “año de 1872” que nos pode dar unha idea da súa datación. Este hórreo está sobre dous celeiros separados no centro por 1,10m. cada un; ten pilares de cantería nos recantos enmarcando lenzos de pizarra. O tornarratas é de granito e corrido a todo o largo. O corpo é de tres ciaros, de madeira e granito. As columnas pertencen a un xogo arquitectónico con dinteis sobre os que se sostén o tellado a dúas augas sobre ripias de madeira, cuberto de tella curva. Sobre ls ménsulas, nos extremos, hai un reloxo de sol no tellado que mira en dirección sur e un bico no norte. No lado curto que mira ao norte hai cantería de calada. No lado orientado ao sur está a porta enmarcada nun arco de medio punto rebaixado á que se ten acceso subindo unha escaleira de cantería.

